

Licenza Ğ1 - v0.2.9

=====

:data: 2017-04-04 12:59

:modificada: 2021-04-20 21:00

:versión galega: 2023-04-18 (by Vijiâtman)

****Licenza da moeda e compromiso de responsabilidade.****

Calquera certificación de nova membresía da Ğ1 debe ir primeiro acompañada pola transmisión desta licenza da moeda Ğ1 cuxo certificador debe asegurar que foi estudada, entendida e aceptada pola persoa que será certificada.

Calquera evento de encontro relacionada ca Ğ1 debe ir acompañado da transmisión desta licenza, que se pode ler en voz alta e transmitirse por calquera medio.

Rede de confianza Ğ1 (RdC Ğ1)

**** Aviso de advertencia : **** Certificar non só é asegurarse de que te atopaches fisicamente coa persoa. É asegurar á comunidade Ğ1 que coñeces á persoa o suficientemente ben e que saberás como contactala doadamente, e ser capaz de identificar unha conta duplicada ou falsa realizada por unha persoa que certificaches, ou outro tipo de problema (desaparición ...), efectuando verificacións comparativas que revelen o problema.

****Consellos fortemente recomendados****

Coñecer dabondo a unha persoa significa que podes comunicarche con ela de varios xeitos distintos (físicos, electrónicos, etc ...) pero tamén que coñeces a varias persoas que tamén a coñecen ben e, polo tanto, poden contactar con ela igualmente. Ademais se non coñeces ben a ninguén de quen xa lle certificaron, é unha clara indicación de que non coñeces ben á persoa; unha certificación deste tipo provoca unha alerta cara a toda a comunidade Ğ1. En caso de coñecemento insuficiente, é importante NON certificar.

Nunca certifiques só/a, senón acompañache polo menos por outro/a membro da RdC Ğ1 para evitar calquera erro de manexo. En caso de erro, advirte a quen xa son membros da RdC Ğ1 moi axiña.

Antes de calquera certificación, asegúrate de verificar se a súa conta (tanto se é nova candidatura ou xa é membro) xa recibiu unha ou máis certificacións. Se é necesario, solicita información para poñerte en contacto con quen xa lle certificaron para verificar xuntos/as que coñeces ben a persoa concernente en cuestión, así como a súa correspondente chave pública.

Comproba que a persoa que vai ser certificada domina ben o manexo da súa conta: un bo xeito de comprobar isto é transferir unhas Ğ1 á conta destino, e logo pedir a devolución á túa propia conta. Isto asegura o bo manexo por quen vai a ser certificado, da súa chave privada.

Comproba que os teus contactos estuden e comprendan a licenza Ğ1 actualizada.

Se te decatás de que un/a certificador/a real ou potencial da conta candidata non coñece á persoa interesada, avisa inmediatamente a quen teña experiencia no tema dos teus contactos na RdC Ğ1, para que o procedemento de validación sexa

verificada pola RdC Ğ1.

Cando es membro da RdC Ğ1 e estás a piques de certificar unha nova conta:

**** Estás seguro de: ****

1º) Coñecer dabondo (ademais de coñecela fisicamente) á persoa que declara posuír esta chave pública (nova conta). Lea os consellos fortemente recomendados máis arriba para asegurarche de que a "coñeces dabondo".

2º) Comprobar persoalmente con ela de que se trata desta chave pública que está a piques de certificar (lea as suxestións anteriores).

3º) Verificar coa persoa interesada que xerou o seu documento ou arquivo de revogación da conta Duniter que lle permitirá, si é necesario, desactivar o seu estado de membro (en caso de roubo de conta, cambio de identificación, conta creada incorrectamente, etc.).

4aº) De haberche atopado coa persoa fisicamente para asegurarche de que é ela a quen coñeces ben e quen posúe esta chave pública.

4bº) Ou realizar de xeito remoto a verificación entre a chave pública e esa persoa (que xa atopaches fisicamente), contactándoa por diferentes medios de comunicación, como por correo ordinario + redes sociais + foro + correo electrónico + vídeo conferencia + teléfono (recoñecendo a voz). Xa que si se puidese piratear unha conta de correo electrónico ou unha conta nun foro, é moito máis difícil imaxinar piratear catro medios de comunicación separados, e imitar a aparencia (vídeo) e mesmo a voz da persoa.

O 4aº) con todo, é preferible ao 4bº), mentres que os puntos 1º) 2º) e 3º) son ante todo indispensables.

****Regras abreviadas da RdC :***

Cada membro ten unha reserva de 100 certificacións posibles, que só pode emitir a razón de 1 certificación cada 5 días.

Válida durante 2 meses, unha certificación tómase en consideración definitivamente para unha nova candidatura de membresía si ista persoa ten polo menos outras 4 certificacións ao cabo destes 2 meses, pola contra, o proceso de candidatura deberá reiniciarse.

Para converterse en novo/a membro da RdC Ğ1 é necesario obter 5 certificacións e estar a unha distancia de ≤ 5 pasos como mínimo dun 80% do total de membros referentes da RdC.

Alguén é membro referente da RdC Ğ1 cando recibiu e tamén emitiu polo menos $E[N]$ certificacións onde N é o total de membros na RdC e $E[N] = \text{teito } N^{(1/5)}$.

Exemplos:

- * Para $1024 < N \leq 3125$ obtense que $E[N] = 5$
- * Para $7776 < N \leq 16807$ obtense que $E[N] = 7$
- * para $59049 < N \leq 100.000$ obtense que $E[N] = 10$

Unha vez que alguén é novo/a membro da RdC Ğ1, as súas certificacións serán válidas durante 2 anos.

Para seguir sendo membro, débese renovar o acordo de xeito regular mediante a chave privada (cada 12 meses) e asegurarse de que sempre se teña polo menos 5 certificacións válidas despois dos 2 anos.

****Código da moeda Ğ1****

Ğ1 xérase a través dun Dividendo Universal (DU) para cada ser humano membro da Rede de Confianza Ğ1, do seguinte xeito:

* 1 DU por persoa e por día.

A cantidade en Ğ1 do DU é idéntica cada día ata o próximo equinoccio (cada 6 meses) cando se re-avaliará o DU segundo a fórmula (1 día = 86.400 segundos):

* DU diario (próximo equinoccio) = DU diario (equinoccio) $c^2 (M/N)(\text{equinoccio})$
/ (182.625 días)

E como parámetros:

* $c = 4,88\%$ / equinoccio

* $DU(0) = 10,00$ Ğ1

E como variables:

* M a masa monetaria total no equinoccio

* N o número de membros o día do equinoccio

Software Ğ1 e licenza Ğ1

O software Ğ1 que permita aos usuarios administrar o seu uso da Ğ1 debe transmitir esta licenza e todos os parámetros técnicos da moeda Ğ1 e da RdC Ğ1 que foron configurados no bloque 0 de Ğ1. O software que non cumpra con esta obriga da licenza non é compatible ca Ğ1.

Para máis detalle nos aspectos técnicos, é posible consultar directamente o código de Duniter, que é un software ceibe así como os datos da cadea de bloques (blockchain) Ğ1, recuperándoos a través dunha instancia (ou nodo) de Duniter Ğ1.

Máis información no sitio web do equipo Duniter <https://www.duniter.org>